

PROBA DO PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DERIVADO DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA O INGRESO EN UNHA (1) PRAZA AUXILIAR DE LABORATORIO (GRUPO IV, CATEGORÍA 11) DO INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR) - 26ª convocatoria

Empregue a folla de respostas adxunta para contestar as preguntas

1. Cal das seguintes afirmacións é certa sobre o Título Preliminar da Constitución Española de 1978?
 - a) Establece os principios fundamentais do Estado español
 - b) Regula a organización territorial do Estado
 - c) Establece o procedemento para modificar a Constitución
 - d) Regula os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns
2. Que garante o artigo 14 da Constitución Española de 1978?
 - a) Dereito ao traballo e á seguridade social
 - b) Dereito á liberdade de conciencia e relixión
 - c) A igualdade ante a lei sen discriminación por razóns de raza, sexo, relixión, opinión
 - d) Protección da saúde e do medio ambiente
3. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, en cal das seguintes materias non ten competencia exclusiva a Comunidade Autónoma de Galicia?:
 - a) Urbanismo e vivenda
 - b) Ordenación do sector pesqueiro
 - c) A ordenación do territorio e do litoral
 - d) As feiras e mercados interiores
4. Que figura política representa ao Estado en Galicia segundo o Estatuto de Autonomía?
 - a) O presidente da Xunta de Galicia
 - b) O delegado do Goberno en Galicia
 - c) O Rei de España
 - d) O presidente do Parlamento de Galicia
5. Cal das seguintes funcións non está recollida no artigo 10 do Estatuto de autonomía de Galicia como unha das funcións do Parlamento de Galicia?
 - a) Designar para cada lexislatura das Cortes Xerais os senadores representantes da Comunidade Autónoma Galega, de conformidade co disposto no artigo 69, apartado 5, da Constitución.
 - b) Designar os representantes da Comunidade Autónoma nos organismos económicos, entidades financeiras e sociedades públicas do Estado a que se refire o artigo 55 do Estatuto de Autonomía.
 - c) Interpoñer recursos de inconstitucionalidade e comparecer ante o Tribunal Constitucional nos supostos e nos termos previstos na Constitución e na Lei orgánica do Tribunal Constitucional.
 - d) Solicitar ao Goberno a adopción de proxectos de lei

6. Segundo o artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sinalar cales son os actos ou disposicións anulables:
- a) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiran facultades ou dereitos cando carezan dos requisitos esenciais para a súa adquisición.
 - b) Os ditados por un órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio
 - c) As disposicións administrativas que establezan a retroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restrictivas dos dereitos individuais.
 - d) Os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluído o desvío de poder
7. Segundo o artigo 78 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no trámite de práctica da proba dun procedemento administrativo, na notificación farase constar o lugar, data e hora na que se practicará a proba e:
- a) A advertencia, se é o caso, de que o interesado pode designar técnicos que o asistan
 - b) Notificación dos recursos que se poidan interpor
 - c) Fixación dos prazos aplicables
 - d) Os gastos que non poida soportar a Administración
8. Segundo o artigo 114 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poñen fin á vía administrativa:
- a) As resolucións dos recursos de alzada
 - b) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento
 - c) As resolucións dos órganos administrativos que non teñan superior xerárquico, salvo que unha lei estableza o contrario.
 - d) Todas as opcións son correctas.
9. En que casos as sancións administrativas poden supoñer a privación de liberdade, segundo o artigo 29.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público?
- a) Cando non sexan de carácter pecuniario e directamente
 - b) En ningún caso
 - c) Só cando sexan de carácter pecuniario
 - d) Cando teñan carácter pecuniario e subsidiariamente
10. Segundo a Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, as persoas físicas terán dereito a ser indemnizadas polas Administracións Públicas correspondentes, de toda lesión sufrida en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos:
- a) Agás nos supostos de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar conforme a Lei
 - b) Agás nos casos de forza maior
 - c) As respostas a e b son correctas.
 - d) En todo caso

11. Segundo a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os empregados públicos clasifícanse en:
- a) Funcionario de oficio, funcionario interino, persoal laboral e persoal temporal
 - b) Funcionario de carreira, funcionario interino, persoal laboral e persoal eventual
 - c) Funcionario eventual, funcionario interino, persoal laboral e persoal interino
 - d) Persoal temporal, persoal interino, persoal eventual e funcionario fixo
12. Indica cal das seguintes non é correcta. Segundo a duración do contrato, a Lei 2/2015 de emprego público de Galicia distingue tres tipos de persoal laboral:
- a) Fixo
 - b) Eventual
 - c) Indefinido
 - d) Temporal
13. Segundo a Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, o persoal funcionario ten dereito aos permisos necesarios para desempeñar:
- a) Funcións políticas, de formación sindical ou de representación do persoal
 - b) Funcións sindicais, de formación académica ou de representación do persoal
 - c) Funcións sindicais, de formación sindical ou de representación institucional
 - d) Funcións sindicais, formación sindical ou de representación do persoal
14. Segundo o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, entre os criterios xerais de actuación da Xunta de Galicia aplicando o principio de transversalidade, inclúense os seguintes:
- a) A conciliación do emprego e da vida laboral e familiar de mulleres e homes
 - b) O fomento do emprego feminino por conta propia ou allea
 - c) O fomento da colaboración entre os distintos suxeitos implicados na igualdade de oportunidades
 - d) Todas as opcións son correctas.
15. Segundo o establecido no Decreto Lexislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, antes da súa aprobación precisan a emisión dun informe sobre a súa incidencia de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade:
- a) Os regulamentos de tipo estrutural elaborada pola Xunta de Galicia
 - b) Os regulamentos con repercusión en materia de xénero elaborados pola Xunta de Galicia
 - c) Calquera regulamento elaborado pola Xunta de Galicia
 - d) Os regulamentos elaborados pola Consellería competente en materia de igualdade

16. De conformidade co artigo 4 do Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral dos dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as normas que regulen os beneficios ou medidas de acción positiva:
- a) Poderán determinar os requisitos específicos para acceder a estes
 - b) Non poderán determinar os requisitos específicos para acceder a estes
 - c) Non poderán determinar o recoñecemento do grao de discapacidade dos aspirantes, salvo que se teña recoñecido un grao igual ou superior ao 45 %
 - d) Poderán determinar requisitos xerais nos casos de gran invalidez
17. Con base no artigo 3 do Real Decreto Legislativo 1/2013, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral dos dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, non son principios desta lei:
- a) A vida independente
 - b) A normalización
 - c) O dereito á educación
 - d) A accesibilidade universal
18. Con base no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 1/2013, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral dos dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade teñen dereito á protección da saúde, o que inclúe:
- a) As condicións básicas de accesibilidade aos edificios de calquera tipo
 - b) A prevención da enfermidade e a protección, promoción e recuperación da saúde
 - c) Apoios complementarios e servizos auxiliares para o emprego
 - d) Todas as anteriores
19. De conformidade co artigo 5 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Xunta de Galicia publicará no Portal da transparencia un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación con periodicidade:
- a) Mensual
 - b) Semestral
 - c) Anual
 - d) Trimestral
20. De conformidade co artigo 6 da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, publicarase a información suxeita ao deber de publicidade activa:
- a) Nas sedes electrónicas ou páxinas web correspondentes
 - b) No Diario Oficial de Galicia e nos taboleiros de anuncios
 - c) Polos medios que regulamentariamente se determinen
 - d) No Boletín Oficial da Provincia correspondente
21. Como se chama o composto químico de fórmula H_2SO_4 ?
- a) Sulfuro de hidróxeno
 - b) Ácido sulfuroso
 - c) Ácido sulfúrico
 - d) Ácido sulfónico

22. Como se chama o composto químico de fórmula $\text{CH}_3\text{CH}_2\text{OH}$?
- Propanol
 - Metanol
 - Butanol
 - Etanol
23. Como se chama o composto químico de fórmula HCl ?
- Ácido clorhídrico
 - Ácido clórico
 - Ácido cloroso
 - Ácido clorato
24. Como se chama o composto químico de fórmula NH_3 ?:
- Ácido nítrico
 - Nitrato de amonio
 - Nitrito de amonio
 - Amoníaco
25. Como se chama o composto químico coa fórmula HNO_3 ?
- Ácido nítrico
 - Ácido nitroso
 - Ácido nitrato
 - Amoníaco
26. Que tipo de reactivo químico se utiliza para medir a concentración dunha solución ácida ou básica?
- Ácido clorhídrico
 - Indicador
 - Cloruro de sodio
 - Auga destilada
27. Que tipo de pictograma representa un produto inflamable ?
- Pictograma en forma de X
 - Pictograma en forma de chama
 - Pictograma con forma de cranio
 - Pictograma en forma de signo de admiración
28. Que tipo de pictograma representa un produto tóxico ?
- Pictograma en forma de X
 - Pictograma en forma de chama
 - Pictograma con forma de cranio
 - Pictograma en forma de signo de admiración
29. Que tipo de pictograma representa un produto corrosivo ?
- Pictograma en forma de X
 - Pictograma en forma de chama
 - Pictograma con forma de cranio
 - Pictograma en forma de recipiente que verte un líquido

30. Que tipo de información se atopa nunha ficha de datos de seguridade dun produto químico ?
- a) Información sobre o uso do produto químico
 - b) Información sobre o prezo do produto químico
 - c) Información sobre os ingredientes do produto químico
 - d) Información sobre os efectos sobre a saúde e o medio ambiente
31. Que é o EPI nun laboratorio ?
- a) Equipos de Proba Inicial
 - b) Equipos de Protección contra Incendios
 - c) Equipos de Protección Individual
 - d) Equipos de Procesamento de Imaxes
32. Cal é a medida de seguridade máis importante nun laboratorio ?
- a) Manter a orde e a limpeza
 - b) Evitar o uso de EPIs
 - c) Empregar as substancias químicas que estean dispoñibles
 - d) Ler as etiquetas dos produtos químicos
33. Que é un plan de emerxencia ?
- a) Un plan para realizar experimentos de forma máis eficiente
 - b) Un plan de evacuación do laboratorio en caso de emerxencia
 - c) Un plan de fomento do uso de EPIs
 - d) Un plan para manter o laboratorio limpo e ordenado
34. Como se debe eliminar unha substancia química no laboratorio ?
- a) Botándoa polo vertedoiro
 - b) Colocándoa nunha bolsa plástica rotulada e depositándoa no contedor de residuos xerais
 - c) Usando un recipiente especial para produtos químicos e levándoo á zona de xestión de residuos
 - d) Deixándoa en calquera lugar do laboratorio
35. Que é a xestión de residuos no laboratorio ?
- a) A clasificación dos produtos químicos en función das súas características de risco
 - b) O proceso de clasificación, recollida e eliminación dos residuos químicos
 - c) O proceso de compra e almacenamento de produtos químicos
 - d) A eliminación de residuos orgánicos
36. Que tipo de requisitos establece a norma UNE-EN ISO/IEC 17025 para un laboratorio de ensaio?
- a) Só requisitos técnicos
 - b) Só requisitos de xestión
 - c) Requisitos técnicos e de xestión
 - d) Non establece requisitos

37. Cal dos seguintes elementos é un requisito técnico da norma UNE-EN ISO/IEC 17025?
- a) Planificación do sistema de xestión da calidade
 - b) Identificación e trazabilidade das mostras de ensaio
 - c) Control de documentos e rexistros
 - d) Establecemento de obxectivos de calidade
38. Que son os rexistros no contexto da norma UNE-EN ISO/IEC 17025?
- a) Documentos que acreditan a competencia técnica do laboratorio
 - b) Documentos que acreditan a formación dos traballadores do laboratorio
 - c) Documentos que acreditan a trazabilidade das medicións e ensaios realizados no laboratorio
 - d) Documentos que acreditan a seguridade do laboratorio
39. Que é a trazabilidade documental no contexto da norma UNE-EN ISO/IEC 17025?
- a) O proceso de identificación e documentación da orixe dun patrón de medida ou material de referencia
 - b) O proceso de identificación e documentación dos resultados das medicións e ensaios realizados no laboratorio
 - c) O proceso de identificación e documentación das non conformidades detectadas no laboratorio
 - d) O proceso de identificación e documentación dos riscos laborais no laboratorio
40. Que son os patróns no contexto dun laboratorio de ensaio?
- a) Materiais de referencia empregados para a calibración dos instrumentos de medida
 - b) Materiais empregados para a realización das probas e ensaios
 - c) Documentos que acreditan a competencia técnica do laboratorio
 - d) Documentos que acreditan a seguridade do laboratorio
41. Que é a calibración de equipos de laboratorio?
- a) Un proceso de limpeza dos equipos
 - b) Unha técnica de análise de datos
 - c) Un proceso para medir a precisión dos equipos
 - d) Unha forma de verificar a estabilidade dos equipos
42. Que é a verificación de equipos de laboratorio?
- a) Un proceso de mantemento preventivo dos equipos
 - b) Unha técnica para determinar a precisión dos equipos
 - c) Un proceso de limpeza de equipos
 - d) Un proceso para medir a estabilidade dos equipos
43. Que pode ocorrer se o material de uso xeral nos laboratorios non se coida adecuadamente?
- a) Pódense obter resultados de proba inexactos e pouco fiables
 - b) Pódense producir accidentes e lesións no laboratorio
 - c) Pode ser necesario substituír o equipamento antes de tempo
 - d) Todo o anterior

44. Que é o intervalo de calibración?
- a) O valor estándar utilizado para a calibración dos equipos
 - b) O número de veces que se calibra un equipo
 - c) O período de tempo entre as calibracións dun equipo
 - d) A precisión do equipo de medida
45. Como se debe realizar a calibración e verificación dun equipo de medida?
- a) Debe ser realizada por persoal cualificado e utilizando patróns de referencia trazables
 - b) Deberá ser realizada por persoas que teñan experiencia no manexo dos equipos
 - c) Só é necesario comprobar que o equipo funciona correctamente
 - d) Non é necesaria a calibración e a verificación se o equipamento é novo
46. Que é unha disolución?
- a) Un composto químico
 - b) Unha mestura heteroxénea de dúas ou máis substancias
 - c) Unha substancia pura
 - d) Unha mestura homoxénea de dúas ou máis substancias
47. Que é a concentración dunha disolución?
- a) A cantidade total de soluto e disolvente presentes na disolución
 - b) A cantidade de disolvente presente na disolución
 - c) A cantidade de soluto presente na disolución
 - d) A capacidade da disolución para disolver solutos
48. Que é a dilución dunha disolución?
- a) Eliminar parte do soluto dunha disolución para baixar a concentración
 - b) Engadir soluto a unha disolución para aumentar a concentración
 - c) Eliminar parte do disolvente dunha disolución para aumentar a concentración
 - d) Engadir disolvente a unha disolución para diminuír a concentración
49. Cal é a unidade de medida da concentración dunha disolución?
- a) Porcentaxe (%)
 - b) Gramos por litro (g/L)
 - c) Molaridade (M)
 - d) Todo o anterior
50. Cal é a densidade dunha disolución?
- a) A cantidade de soluto por unidade de volume de disolución
 - b) A cantidade de soluto por unidade de masa de disolución
 - c) A masa da disolución por unidade de volume
 - d) A masa do soluto por unidade de masa de disolución
51. Que é unha solución neutra?
- a) Unha disolución cun pH inferior a 7
 - b) Unha disolución cun pH igual a 7
 - c) Unha disolución cun pH superior a 7
 - d) Unha disolución que non contén auga



52. Que é unha disolución ácida?
- a) Unha disolución cun pH inferior a 7
 - b) Unha disolución cun pH igual a 7
 - c) Unha disolución cun pH superior a 7
 - d) Unha disolución que non contén auga
53. Que é un tampón?
- a) Unha disolución que non contén auga
 - b) Unha disolución que mantén un pH constante cando se engaden pequenas cantidades de ácido ou base
 - c) Unha disolución cun pH inferior a 7
 - d) Unha disolución cun pH superior a 7
54. Como se calcula o pH dunha disolución?
- a) Mediante a densidade da disolución
 - b) A través da temperatura da disolución.
 - c) Mediante a concentración de ácido ou base
 - d) A través da presión atmosférica
55. Que se debe facer para manter o electrodo de pH en bo estado?
- a) Conservalo nunha solución de almacenamento
 - b) Limpalo regularmente con auga destilada
 - c) Non expoñelo a temperaturas extremas
 - d) Todo o anterior
56. Por que é importante etiquetar correctamente as mostras de moluscos bivalvos?
- a) Para evitar confusións de mostras entre distintas localidades ou especies
 - b) Para garantir a trazabilidade das mostras desde a recollida ata a análise
 - c) Para cumprir a normativa sanitaria e legal
 - d) Todo o anterior
57. Como se debe almacenar unha mostra de molusco bivalvo vivo para a análise de toxinas lipofílicas?
- a) A temperatura ambiente
 - b) No conxelador a -20 °C
 - c) Na neveira a 4°C
 - d) Nun lugar seco e escuro a temperatura ambiente
58. Cal é a técnica de referencia para a determinación cuantitativa de toxinas PSP e ASP en mostras de moluscos?
- a) Cromatografía de gases con detector de ionización de chama (FID)
 - b) Ensaio de inhibición da colinesterasa
 - c) Electroforese
 - d) Cromatografía líquida de alta resolución (HPLC)
59. Que é a trazabilidade en relación coa mostraxe de moluscos bivalvos?
- a) A capacidade de evitar a contaminación cruzada entre mostras
 - b) A capacidade de detectar a presenza de patóxenos ou contaminantes nas mostras
 - c) A capacidade de garantir a calidade e seguridade dos moluscos
 - d) A capacidade para identificar a procedencia e o historial da mostra

60. Cal dos seguintes é o procedemento adecuado para preparar unha mostra de moluscos bivalvos vivos para a análise da toxina ASP?
- a) Limpala externamente con auga e internamente cunha mestura auga:etanol, colocar a vianda nunha peneira de aceiro inoxidable e deixala escorrer
 - b) Limpala externamente con auga, abríla cun utensilio axeitado, colocar a vianda nunha peneira de aceiro inoxidable, lavalas con auga e deixala escorrer.
 - c) Abrir a mostra cun utensilio axeitado e deixar escorrer a vianda nunha peneira de aceiro inoxidable coa menor manipulación posible.
 - d) Todas as anteriores son correctas.

Preguntas de reserva

- R1. Cal das seguintes afirmacións é certa sobre o Título VIII da Constitución Española de 1978?
- a) Establece os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns
 - b) Establece os principios fundamentais do Estado
 - c) Regula a forma de goberno
 - d) Regula a organización territorial do Estado
- R2. Que requisitos técnicos debe cumprir un laboratorio de ensaio segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025?
- a) Dispoñibilidade de persoal técnico capacitado e equipamento de medida adecuado
 - b) Dispoñer dun sistema de xestión da calidade
 - c) Dispoñer dun sistema de xestión ambiental
 - d) Dispoñer dun sistema de xestión de riscos laborais
- R3. Que información debe incluír unha etiqueta de recollida de mostras de moluscos bivalvos?
- a) Nome do analista e método de análise utilizado
 - b) Data e hora na que se tomou a mostra, lugar e especie
 - c) Resultados da análise e recomendacións de consumo
 - d) Todo o anterior